

 XERAIS

Anselmo López Carreira
*Arte e escritura
na Galicia medieval*
(Séculos VI-X)

ÍNDICE XERAL

INTRODUCCIÓN.....	7
A VELLA ESTIRPE	
DOS ARCOS DE FERRADURA.....	33
CRUCES COMPARTIDAS	87
UVAS, FLORES E CORDÓNS	115
UNHA LETRA	
MAL CHAMADA VISIGÓTICA	131
CONCLUSIÓN.....	155
BIBLIOGRAFÍA	159
ÍNDICE ANTROPONÍMICO	165
ÍNDICE TOPONÍMICO.....	169

INTRODUCCIÓN

A paulatina –lenta pero inexorable– saída á luz historiográfica do reino medieval de Galicia¹, nun proceso de reposición das coordenadas históricas correspondentes á nosa Idade Media, trae consigo o ineludible corolario da paralela identificación dos elementos culturais propios da sociedade da que aquel reino era expresión política. En consecuencia, unha vez recoñecida a entidade do reino galaico, faise evidente que a produción artística galega do século VI ao X permaneceu ata hoxe encerrada nunha clasificación inadecuada, reducida a algo marxinal e dependente, en sintonía coa vella contextualización que a interpretación vixente viña facendo do medievo galego. Mais o simple feito de proxectar o enfoque cunha perspectiva centrada no seu propio ámbito xeopolítico, non forzada por parámetros preconcebidos, ten a virtude de dotar de coherencia un panorama que á luz das novas investigacións revelábase inverosímil, facéndoo entón comprensible.

A observación crítica dese caixón de xastre denominado *arte prerrománica* –onde tanto cabe aquilo que anuncia o románico como o que nada ten que ver con el salvo o feito circunstancial de precedelo cronoloxicamente– abría as portas a un campo que demandaba ser contemplado desde un punto de vista diferente.

1 C. Nogueira (2001); X. A. Teixeira (2003); A. López Carreira (2005).

As incongruencias inicialmente advertidas –que ostensiblemente saltaban á vista– na taxonomía e xéne-se dun par de motivos arquitectónicos e ornamentais, como eran os arcos de ferradura e as cruces altomedievais, así como as que se manifestan no terreo da escritura do mesmo período, motivaron a primeira intención deste traballo, reducido entón a eses tres elementos polos que tiñamos previsto transitar. Porén, o campo foise estendendo por outro terreo complementario, o dos temas decorativos que proliferan na arte ao redor do século X, algúns de clara estirpe clásica, como son os motivos florais ou os acios de uvas, e outros aínda máis antigos, como as decoracións incisas en forma de espiña de peixe e os cordóns ou sogas, todos eles tan característicos da arte altomedieval.

As cuestións de que imos tratar, aínda sendo aparentemente heteroxéneas e un tanto alleas á especialidade do historiador, comparten o común denominador de constituíren importantes instrumentos de aproximación ao período altomedieval e pertencen, por tanto, de pleno dereito ao campo historiográfico.

É de esperar que o pouso de tempo ao longo do cal se foi elaborando este libro outorgue suficiente solvencia cando menos á posta en evidencia das distorsións provocadas por unha serie de afirmacións convertidas en consuetudinarias, pero desprovistas de aval científico, contra as que coidamos presentar argumentos suficientemente xustificadas. Máis alá disto, calquera conclusión ten un

alcance orientativo. Posto que ningunha hipótese ten validez absoluta, as que se conteñen nestas páxinas proporcionaránlle ao observador unha posición inédita ou pouco frecuentada, pero seguramente máis precisa para interpretar a produción cultural altomedieval.

A incursión no dominio da historia da arte vén avalada polo ineludible recurso que o medievalista debe facer dela para aproximarse ao período que estuda, e a novidade metodolóxica redúcese a considerar como suxeito histórico o reino que as fontes coetáneas chaman Galicia, de maneira practicamente unánime e calquera que sexa a súa procedencia. Feito isto, as cousas van encaixando, non sen esforzo, pero con naturalidade e lóxica, sen necesidade de procurar sistemas inauditos que ademais —e sobre todo— se ven desmentidos pola cronoloxía e pola xenética das formas, decididas ambas a darlle carpetazo ás clasificacións obsoletas, establecidas hai xa moito tempo, en condicións de investigación diferentes das de hoxe, superadas polo propio desenvolvemento da ciencia histórica e polas moito maiores posibilidades de comparación nun marco territorial máis extenso que o abarcable cos medios técnicos e escasa capacidade de movemento de hai décadas, cando os horizontes locais eran difíciles de franquear, pero que se sosteñen ata a actualidade de maneira teimosa e rutineira.

É comprensible que nos seus comezos a Historia (a concepción que dela se ten desde principios do século XIX) adoecece das carencias inherentes aos primeiros